


ESPAZOS PÚBLICOS

Camiño Francés

.-Proxecto de remodelación da Rúa Concheiros e Cruz de San Pedro, na Rúa Concheiros e outras (DAR/8/2019)

Expón a intervención o arquitecto municipal Javier García Castelo.

A Comisión informa favorablemente, por maioría dos presentes, de conformidade co informe técnico municipal de 16 de abril de 2019 que recolle a opinión da Ponencia técnica e propón a aprobación da intervención, de acordo cos trámites legais e regulamentariamente esixibles coas seguintes condicións:

- 
- 1) Tendo en conta o carácter altamente impermeable do pavimento que se prevé empregar de forma maioritaria na Rúa dos Concheiros, deberase prever zonas de maior permeabilidade na franxa central da mencionada rúa a través do emprego de técnicas de drenaxe urbano sostible, que permitan aliviar a recollida de augas pluviais do sistema de saneamento municipal e devolver parte da auga aos acuíferos do terreo.
 - 2) O deseño da nova rede soterrada de telecomunicacións deberá coordinarse coas Compañías subministradoras de servizos que xa dispoñen de redes aéreas e soterradas no mencionado ámbito, a fin de optimizar a funcionalidade da actuación e conseguir unha pronta eliminación dos tendidos de telefonía aéreas e por fachada.
 - 3) Non se considera axeitado o tipo de lastros de pedra proxectados para a zona de Cruz de San Pedro, xa que (polo seu tamaño) se trata dunha solución que non é tradicional dentro dos espazos públicos da nosa cidade histórica. Autorizarase o emprego de pavimentos combinados de lousa de granito e lastros de tamaño mais grande (como os empregados na Rúa de San Pedro) recomendándose a recuperación e utilización dos lastros xa existentes actualmente no ámbito da intervención.



CONCELLO DE
SANTIAGO

DICTAME DA COMISIÓN ASESORA DE PATRIMONIO HISTÓRICO .-SESIÓN DE 23
DE ABRIL DE 2019.

- 4) Tendo en conta que a plantación de árbores no ámbito da Cruz de San Pedro se reduce a dous exemplares, deberase afastar todo o posible a posición das mencionadas árbores da edificación mais próxima, a fin de que o crecemento das súas copas non se vexa afectado pola proximidade das fachadas.

Así mesmo a Comisión acorda realizar aos promotores da intervención as seguintes recomendacións:

- Equilibrar as dúas beirarrúas na Rúa Concheiros .
- Difuminar a entrada do Camiño na cidade Histórica eliminando a senda diferenciada para os peregrinos

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2019

O PRESIDENTE DELEGADO DA COMISIÓN,


Jorge Duarte Vázquez